


A LEI DE HERODES



Dirección, produción e montaxe: Luis Estrada.

País: México.

Ano: 1999.

Duración: 120 min.

Interpretación: Damián Alcázar (Juan Vargas), Pedro Armendáriz Jr. (Lic. López), Delia Casanova (Rosa), Juan Carlos Colombo (Lic. Ramírez), Alex Cox (Gringo), Miguel Ángel Puentes (Pancho), Guillermo Gil (padre), Ernesto Gómez Cruz (gobernador), Leticia Huijara (Gloria), Luis de Icaza (Alfredo García), Eduardo López Rojas (doctor), Manuel Ojeda (cantinero), Salvador Sánchez (Pek), Evangelina Sosa (Perlita), Isela Vega (Doña Lupe).

Guión: Luis Estrada, Jaime Sampietro, Vicente Leñero y Fernando León de Aranoa; basado en un argumento de Luis Estrada y Jaime Sampietro.

Música: Santiago Ojeda.

Fotografía: Norman Christianson.

Dirección artística: Salvador Parra y Ana Solares.

Vestuario: Mariestela Fernández

SINOPSE

Tras o linchamento do alcalde de San Pedro dos Saguaneros (México), por parte da poboación indígena do mesmo concello, Juan Vargas, un desgraciado con ambicións políticas, é nomeado coma presidente municipal interino. Este acepta crendo que é unha oportunidade para facer realidade o seu sono: ascender e facer carreira política. Pero a situación do municipio non resulta ser como imaxinou e os problemas amontónanse, polo que decide renunciar. Sen embargo, o seu xefe obrígao a quedarse dicíndolle que lle tocou a Lei de Herodes, “ou te chinchas ou te fodes”, e entrégalle como apoio a Constitución e unha pistola. Vargas pronto descubrirá as delicias do poder, aplicando a lei á súa maneira e facendo todo o que poda para enriquecerse e manterse no poder.



A lei de Herodes é unha comedia negra na que se denuncia o funcionamento do sistema político mexicano. A trama discurre ó longo do sexenio do presidente Miguel Alemán, a mediados do século XX, pero con claras referencias a momentos posteriores. Nela cárganse as tintas contra o PRI, partido do goberno, pero tamén contra a súa oposición, o PAN e o PRD, así como contra a Igrexa, como parte dunha mesma casta dirigente. Pero máis alá da realidade local mexicana, a película adquire un ton universal na crítica ó burocratismo, a corrupción e o

funcionamento das institucións do Estado ó servizo duns poucos privilegiados. De igual modo poderíase ambientar noutros moitos concellos da América Latina actual, por exemplo. Trátase, en definitiva, dunha efectiva sátira corrosiva a unha política que concibe o “Estado coma botín”, que entende o acceso á Administración do Estado como unha oportunidade para roubar e facerse rico e non coma un servizo público á cidadanía. Sen dúbida un dos problemas máis graves para o desenvolvemento e a

redución da pobreza que afrontan ós países do Sur ten que ver con este tipo de cultura e práctica políticas.

A película conta a historia dun político, Juan Vargas, nomeado presidente municipal interino de San Pedro dos Saguaros, en México, un pobo de mala morte duns cen habitantes de maioría indígena. Juan Vargas é un pobre demo ó que os seus superiores lle dan o posto porque ninguén está interesado en ocupar tan perigoso lugar: o anterior presidente foi linchado pola poboación. Cando toma posesión do cargo, Vargas cre realmente que a súa función é traer a modernidade e a xustiza social ó pobo. E quere traballar realmente por elo. Pero ó ver que é abandonado á súa sorte, sen presuposto nin condicións para levalo a cabo, soamente lle entregan unha pistola e a Constitución, acabará aceptando (e beneficiándose) das regras do xogo institucional, converténdose nun funcionario corrupto máis que tratará de sacar o mayor beneficio posible da situación.

É interesante resaltar o simbolismo das dúas cousas que lle entregan para levar a cabo o seu traballo: a pistola e a Constitución, ou sexa, a capacidade para exercer a violencia e a de administrar a lei. O Estado é así reducido a unha ferramenta de coacción ó servizo duns poucos fronte á gran maioría. A pistola posibilita a Vargas intimidar á poboación. A Constitución, así como as súas reinterpretacións e particulares engadidos, permítelle por multas, crear novos impostos e obter recursos da xente. A mesma Constitución é empregada na película para gardar os cartos recaudados, símbolo do uso corrupto que se fai dela.



Outro dos temas que Luis Estrada denuncia é a impunidade na que vive a clase política. O político corrupto, lonxe de ser castigado, é protexido e tapado, garantíndose entre uns e outros a permanencia no poder desta clase política. Nun momento da película afirmase: “O reto para o noso partido, polo ben do país, é estar no poder por sempre e para sempre”. A pesar das diferencias do partido, a película sostén que uns e outros son o mesmo, distintas caras dunha mesma caste. E neste ácedo retrato, o poder eclesial tamén está implicado, negociando e sacando beneficio do mesmo modelo de corrupción.



Pero a película tamén permite observar a outra cara do sistema de corrupción generalizado, a cara dos pobres sobre os que se sustenta todo este modelo. No caso particular do pobo de San Pedro dos Saguaros atopámonos que a maioría da poboación, de orixe indígena, non fala español porque non hai escolas e viven nunha situación de extrema exclusión social. Trátase dunha poboación sobre a que se constrúen discursos de modernización e progreso, os que justifican infraestructuras e plans de desenvolvemento, cando non posibilidades de negocio. Pero é unha poboación en realidade relegada e marxinal polas autoridades do Estado, que soamente se relacionan con eles en termos de exercicio do poder e de obtención de recursos. Obviamente trátase dunha situación con claras connotacións universais.